

RESOLUCIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, DO 2 DE XULLO, POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL PARA 2021-2023

O Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español regula a concesión directa de subvencións, con carácter plurianual, ás universidades públicas entre as que figura a Universidade da Coruña (UDC) como beneficiaria. Nel instruméntase o investimento C21.I4 «Formación e capacitación do persoal docente e investigador». Trátase dun investimento de carácter plurianual dirixido á mellora do sistema universitario español a través da promoción da formación dos seus novos doutores, do fomento da mobilidade do seu persoal docente e investigador e da atracción do talento internacional.

Así mesmo o día 4 de xuño de 2021 ten lugar a publicación no *Boletín Oficial de Estado* (BOE) da Orde UNI/551/2021, do 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español.

As actuacións que se leven a cabo con cargo á subvención outorgada mediante o referido Real decreto permítenlle á UDC acadar o cumprimento das seguintes finalidades, referidas *ut supra*, de interese público, social e económico en beneficio dunha mellora da calidade da educación en España:

- a) a formación de novos doutores;
- b) a promoción da mobilidade do persoal docente e investigador;
- c) a atracción do talento internacional.

Para tal fin, a universidade beneficiaria ten a obriga de destinar a subvención concedida ao abeiro do devandito Real decreto ao financiamento de axudas que comprenden as seguintes modalidades:

- a) axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores
- b) axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado.
- c) axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional

En consecuencia, e no uso das competencia delegadas polo Reitor,

DIPONÓ:

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta resolución establece as bases polas que se rexerá a concesión das axudas, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, das seguintes modalidades:

- a) **Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores.** O seu obxecto é a formación de novos doutores mediante estadías de formación nunha universidade pública española ou ben en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación españois, sempre que o último ano da estadía se realice nunha universidade pública española seleccionada polas persoas solicitantes.
- b) **Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado.** O seu obxecto é a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado, mediante estadías de formación nunha universidade ou centro de investigación públicos, distinto a aquel co que manteñen a relación estatutaria ou laboral.
- c) **Axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional.** O seu obxecto é a atracción a universidades públicas españolas de persoal docente e investigador con traxectoria posdoutoral acumulada en universidades ou centros de investigación estranxeiros.

2. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está financiada pola subvención directa concedida á Universidade da Coruña, pola *Orde UNI/551/2021, do 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español*, de acordo co seguinte cadro de contías.

Concesión	Ano 2021 (euros)	Ano 2022 (euros)	Ano 2023 (euros)	Número mínimo de axudas que se concederán como obxectivo
UP2021-001	1 694 396	1 694 396	1 694 396	35

O pago das subvencións quedará condicionado a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no correspondente exercicio económico.

Estas axudas imputaranse as seguintes partidas orzamentaria:

0500.510003.541A.640.01 Axuda Margarita Salas.

0500.510004.541A.640.01. Axudas María Zambrano

0500.510006.541A.481.01 Axudas recualificación PDI

3. MODALIDADES, DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE AXUDAS, DURACIÓN, CONTÍA DAS AXUDAS E DETALLE DO CONCEPTO FINANCIADO

A distribución do importe total da subvención entre as diferentes modalidades e o número mínimo de axudas que se convoquen será o seguinte:

Modalidade	Número mínimo de axudas	Importe total
Axudas Margarita Salas	26	3 367 000 €
Axudas de recualificación do profesorado	10	600 000 €
Axudas María Zambrano	7	1 116 188 €
Total	43	5 083 188 €

As contías indicadas nesta táboa poderán ser redistribuídas entre as diferentes modalidades de axudas no caso de que sobrase financiamento dalgunha delas. Para facilitar esta redistribución xerárase unha listaxe de agarda entre as candidaturas que, aínda que superen a avaliación non obtivesen financiamento na súa modalidade por falta de crédito. Para esta redistribución usarase a seguinte priorización: axudas Margarita Salas, Axudas María Zambrano e Axudas de recualificación do profesorado.

Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores

Poderase conceder un mínimo de 26 axudas para estadias de formación de tres anos de duración nunha universidade pública española ou en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación españois, sempre que o último ano da estadia se realice nunha universidade pública española seleccionada pola persoa solicitante, de conformidade coa repartición seguinte, segundo as grandes ramas de coñecemento:

Artes e Humanidades: 3

Ciencias: 4

Ciencias da Saúde: 5

Ciencias Sociais e Xurídicas: 7

Enxeñaría e Arquitectura: 7

Se nalgunha rama quedasen prazas desertas, estas poderanse acumular proporcionalmente ao resto das áreas de acordo coa puntuación máis alta obtida pola persoa aspirante.

A dita axuda formalizarase a través dun contrato laboral de tres anos de duración entre a Universidade da Coruña e a persoa seleccionada, cun salario bruto mensual, incluído o rateo de pagas extras, de 2663 euros durante a realización da estadía no estranxeiro e de 2130 euros durante o tempo de estadía realizado en España. As persoas adxudicatarias das axudas poderán colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 30 horas por curso académico.

A Universidade subscribirá, para os beneficiarios da axuda que vaian a realizar a estadía nun país estranxeiro, un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto fosen insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros cubrirán o período total de estadía efectiva.

Ademais, percibirán unha axuda máxima de 3500 € en concepto de gastos de traslado, segundo o lugar de destino, de conformidade co anexo I desta convocatoria, da cal se detraerá, de ser o caso, o importe do seguro contratado, recollido no parágrafo anterior.

Modalidade B: Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado

Poderase conceder un mínimo de 10 axudas para estadias de formación dun ano de duración ininterrompido ao profesorado titular de universidade, contratado doutor, e profesorado axudante doutor da UDC, dúas para cada unha das grandes ramas de coñecemento indicadas na modalidade anterior. Dentro de cada rama as axudas distribuiranse de seguinte xeito, unha para profesores axudantes doutores e a outra para profesores contratados doutor ou titular de universidade. Se dentro

dunha rama algunha axuda quedase deserta, poderáse redistribuír, en primeiro lugar, dentro da mesma rama e de continuar deserta, no resto, de acordo coa puntuación máis alta que obteña a persoa aspirante.

As persoas beneficiarias percibirán unha axuda equivalente ao importe das súas retribucións mensuais como profesor/a titular de universidade, contratado/a doutor/a ou profesor/a axudante doutor, de ser o caso, e un 20 % desa cantidade en concepto de axuda por mobilidade. A Universidade subscribirá para os beneficiarios de axuda que vaian a realizar a estadía nun país estranxeiro, un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto fosen insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros cubrirán o período total de estadía efectiva.

Ademais, percibirán unha axuda máxima de 3500 € en concepto de gastos de traslado, segundo o lugar de destino de conformidade co anexo I desta convocatoria da cal se detraerá, de ser o caso, o importe do seguro contratado recollido no parágrafo anterior.

Modalidade C: Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional

Poderase conceder un mínimo de 7 axudas para estadias de formación de dous ou tres anos de duración na Universidade da Coruña. A dita axuda formalizarase a través dun contrato laboral entre a Universidade da Coruña e a persoa seleccionada, cun salario bruto mensual, incluído o rateo das pagas extras, de 2943 euros. Os adxudicatarios das axudas poderán colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 60 horas por curso académico.

Ademais, percibirán unha axuda máxima de 3500 € en concepto de gastos de traslado, segundo o lugar de orixe da persoa seleccionada, de conformidade co anexo I desta convocatoria.

Co fin de promover a igualdade de oportunidades e a inclusión das persoas con discapacidade, da totalidade de axudas ofertadas en cada modalidade, reservárase un 2% para persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao trinta e

tres por cento. As axudas reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas acumularanse ao resto de axudas.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser beneficiario/a destas axudas deberán cumprir, na data límite de presentación de solicitudes, as condicións que se indican a continuación para cada modalidade de axuda:

Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores

– Que transcorreran, como máximo, dous anos entre a data de obtención do título de doutor/a na Universidade da Coruña e a do peche do prazo de presentación de solicitudes. Porén, aquelas persoas que obtiveran o título de doutoramento nunha universidade privada española ou aquelas de nacionalidade española que o obtiveran en universidades ou centros de investigación estranxeiros, poderán concorrer a esta modalidade de axuda sempre e cando se incorporen á UDC, polo menos, no seu último ano de estadía.

Non obstante, ampliarase o citado prazo de dous anos cando concorran algunha das seguintes situacións:

1º Nacemento de fillo/a, o coidado de fillo/a nos casos de adopción ou nos supostos de garda con fins de adopción ou acollemento permanente, sempre e cando a data de nacemento ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa se producira entre a data de obtención do grao de doutor e a data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Aplicarase unha ampliación dun ano por cada fillo/a.

2º Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas a el, por risco durante o embarazo ou por risco durante a lactación natural dun/ha menor de nove meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

3º Incapacidade temporal por causas distintas ás do punto anterior por un período de, polo menos, tres meses consecutivos. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

4º Excedencias por coidado de fillo/a, por coidado de familiar, por razón de violencia de xénero e por razón de violencia terrorista, por un período mínimo de tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

5º Redución de xornada por garda legal, por coidado directo de familiar, ou para coidado de menor afectado de enfermidade grave, por un período mínimo de tres meses, calculado en xornadas completas. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

6º Atención a persoas en situación de dependencia, ao abeiro do que está recollido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un período mínimo de tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

Estes períodos indicaranse e acreditaranse debidamente no momento de presentación da solicitude. Será compatible a aplicación de máis dunha das situacións previstas neste apartado e poderanse acumular diferentes períodos, sempre que os períodos xustificados non concorran en idéntico período de tempo. O cómputo da ampliación que se aplicará realizarase redondeando á alza a meses completos ou período xustificado ou, se resultan de aplicación varios períodos, a suma dos períodos xustificados. Para estes efectos, o período xustificado por nacemento ou coidado de fillo/a será dun ano por cada fillo/a, que contará desde a data de nacemento ou da resolución xudicial ou administrativa.

7º Aplicarase unha ampliación de dous anos adicionais para as persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao trinta e tres por cento.

– Que solicitaran a súa incorporación nunha universidade ou centro de investigación públicos distintos a aquel en que realizaron a súa formación predoutoral e obtiveron o doutoramento. O último ano da axuda deberase realizar nunha universidade pública española, seleccionada pola persoa candidata.

Modalidade B: Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado

- Ser profesor/a titular de universidade, contratado/a doutor/a ou profesor/a axudante doutor da Universidade da Coruña.
- O profesorado titular de universidade e o contratado doutor non deberán superar dez anos de servizo na figura que ostente na data fin de presentación de solicitudes. As situacións de servizos especiais, comisións de servizo ou excedencias, as baixas por maternidade/paternidade e por enfermidade de longa duración descontaranse do tempo de servizo.
- Solicitar a incorporación noutra universidade ou centro de investigación públicos para realizar unha estadía de formación.

Modalidade C: Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional

- Ser persoal docente e investigador, de nacionalidade española ou doutro país, cunha traxectoria posdoutoral acumulada non inferior a vinte e catro meses en universidades ou centros de investigación españois ou situados fóra de España diferentes ao da defensa da tese de doutoramento.
- Estar desenvolvendo, no momento de formular a solicitude, proxectos de investigación e/ou impartindo docencia en universidades, centros de investigación ou organismos situados fóra de España. É necesario residir no país onde se localiza a universidade ou centro de investigación de orixe.

5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Para formalizar as solicitudes empregaranse obrigatoriamente os formularios dispostos para tal fin para cada acción, anexos a esta convocatoria e tamén dispoñibles no enderezo:

https://www.udc.es/gl/investigacion/convocatorias_nacionais/meconomia/index.html

As solicitudes, dirixidas ao vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, poderanse presentar a través do Rexistro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register) e por todos os medios que recolle

o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 02/10/2015).

O prazo de presentación iniciarase o día 12 de xullo e rematará o día 13 de agosto de 2021 (ambos os dous incluídos).

6. DOCUMENTACIÓN

Con cada solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores

- 1) O formulario de solicitude asinado pola persoa candidata.
- 2) A copia do título de doutor/a, ou documento que acredite fidedignamente a súa posesión, a non ser que o título fose obtido na Universidade da Coruña.
- 3) O currículo abreviado da persoa candidata a ser destinataria da axuda no modelo normalizado CVA. A acreditación dos méritos alegados poderá ser requirida pola comisión de avaliación en calquera momento do procedemento.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información que figure no currículo na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberase referir, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

- 4) Unha memoria xustificativa do impacto desta estadía no progreso da carreira docente e investigadora da persoa candidata (extensión máxima 5000 palabras).
- 5) O documento de aceptación da estadía por cada un dos centros receptores en que se indique o grupo de investigación en que se vai integrar, asinado polo representante legal ou figura equivalente.
- 6) O documento xustificativo do historial científico-técnico dos grupos receptores.

Modalidade B) Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado

- 1) O formulario de solicitude asinado pola persoa candidata.
- 2) O currículo abreviado da persoa candidata a ser destinataria da axuda no modelo normalizado CVA. A acreditación dos méritos alegados poderá ser requirida pola comisión de avaliación en calquera momento do procedemento.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información que figure no currículo na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberase referir, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes

- 3) O documento xustificativo do historial científico-técnico do grupo receptor.
- 4) Unha memoria onde se xustifique o impacto na docencia, investigación e transferencia do coñecemento que lle achegará esta estadía á persoa candidata e ao grupo de investigación da UDC.
- 5) O documento de aceptación da estadía pola universidade ou centro de investigación receptores asinado polo representante legal ou figura equivalente.

Modalidade C: Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional

- 1) O formulario de solicitude asinado pola persoa candidata.
- 2) A copia do título de doutor/a, ou documento que acredite fidedignamente a súa posesión, a non ser que o título fose obtido na Universidade da Coruña.
- 3) O currículo abreviado da persoa candidata a ser destinataria da axuda no modelo normalizado CVA. A acreditación dos méritos alegados poderá ser requirida pola comisión de avaliación en calquera momento do procedemento.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información que figure no currículo na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

- 4) Unha memoria onde se xustifique a adecuación da persoa candidata ás necesidades de investigación e transferencia do coñecemento do grupo receptor e o impacto esperado da actividade que desenvolverá o/a candidato/a no fortalecemento das liñas de investigación do dito grupo, así como os posibles beneficios de carácter científico que se derivarán da estadía.
- 5) O documento de aceptación da estadía polo grupo de investigación da Universidade da Coruña.
- 6) O documento acreditativo da traxectoria posdoutoral mediante os períodos de vinculación a outros organismos ou institucións.
- 7) O documento que acredite que a persoa candidata está a desenvolver, no momento de presentar a solicitude, proxectos de investigación e/ou docencia en universidades ou centros situados fóra de España.
- 8) Documento acreditativo da residencia efectiva no país onde se sitúa a universidade ou centro de investigación de orixe.

Respecto ao historial científico-técnico do grupo receptor, non é preciso que a persoa solicitante o achegue, xa que figura nas dependencias da Universidade a dita información, polo que se incorporará de oficio ao expediente.

7. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1. Tras rematar o prazo de presentación de solicitudes, a UDC publicará a listaxe de solicitudes admitidas e excluídas en que sinalará, se é o caso, as causas da exclusión, no taboleiro electrónico da UDC:
(https://sede.udc.gal/services/electronic_board)
2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 5 días, que comeza a contar a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.
3. A emenda farase polos mesmos medios indicados no artigo 5 desta convocatoria.
4. As persoas aspirantes que dentro dos prazos sinalados non emenden ou aleguen a súa exclusión e xustifiquen o dereito a seren incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas. Unha vez que transcorra o prazo para as emendas ou alegacións, a UDC publicará unha resolución pola que se aproban

as listaxes definitivas das solicitudes admitidas e excluídas no Taboleiro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board).

5. O feito de figurar na listaxe de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que se terán que acreditar no seu momento.

6. O feito de non se axustar aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de non admisión da solicitude presentada, con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

8. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O tratamento dos datos persoais necesarios para as solicitudes que se regulan nesta convocatoria rexeranse polo disposto na lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na normativa de protección de datos da UDC, aprobada no Consello de Goberno do 23/07/2019 (https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/).

9. COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN

1. A Universidade nomeará e fará pública composición de dúas comisións de avaliación, que avaliarán todas as solicitudes que se reciban desta convocatoria na Universidade da Coruña.

A primeira delas realizará a avaliación das solicitudes da modalidade Margarita Salas e da modalidade María Zambrano. Nesta comisión haberá un membro da Mesa de contratación con voz, pero sen voto.

A segunda delas efectuará a avaliación das solicitudes das axudas para a recualificación do profesorado funcionario ou contratado. Nesta comisión haberá un membro da Xunta de persoal do PDI con voz, pero sen voto.

Cada unha das comisións estará constituída por cinco membros que sexan persoal docente ou investigador de recoñecido prestixio, nomeados pola Vicerreitoría, con vinculación laboral fixa ou funcional á institución a que pertencen. Na conformación da comisión, tanto titulares como suplentes, axustarase ao principio de paridade entre mulleres e homes, Así mesmo, estará constituída, maioritariamente, por membros externos á UDC.

2. Cada unha das comisións poderá estar asistida por algunha persoa asesora nomeada, de ser o caso, polo vicerreitor, cuxa obriga consistirá na emisión dos informes cos pronunciamentos pertinentes que lle sexan solicitados pola Comisión.

A Comisión de Avaliación velará polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos no proceso de selección, de acordo co establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e promoverá a representación equilibrada entre mulleres e homes.

3. Os membros das comisións deberanse abster de intervir, e así llo notificarán ao vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Para maior abastanza, seralles requirida pola UDC unha declaración de ausencia de conflito de intereses. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

10. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

O proceso de selección comprenderá unha única fase en que se seleccionarán os candidatos ou candidatas tras avaliar as solicitudes presentadas e a emisión do correspondente informe-proposta por parte de cada comisión.

As solicitudes serán cualificadas cunha puntuación entre 0 e 100 puntos, de conformidade co que está previsto no apartado 6 (Avaliación e selección) do *Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de*

subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español:

- a) o currículo (CVA) do candidato ou candidata, ata 50 puntos
- b) o historial científico-técnico do grupo receptor, ata 30 puntos
- c) a memoria xustificativa, ata 20 puntos

Unha vez constituída cada comisión de valoración, fará pública a desagregación dos criterios de avaliación sinalados nesta convocatoria.

A puntuación mínima necesaria para superar a avaliación será de 80 puntos.

Tras a valoración de todas as solicitudes, a comisión elaborará o informe-proposta no que fará constar a relación de persoas candidatas a ser beneficiarias das axudas, ordenadas pola puntuación total acadada en todos os apartados, e as persoas integrantes da listaxe de reserva.

A proposta provisional das axudas publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial, concedéndose un prazo de 10 días a partir do seguinte ao da súa publicación para a presentación de alegacións. En dita proposta figurarán as persoas beneficiarias e as persoas integrantes da listaxe de reserva por cada unha das modalidades das axudas convocadas.

11. PRAZO DE RESOLUCIÓN DE SELECCIÓN, NA QUE FIGURARÁN AS PERSOAS BENEFICIARIAS E AS PERSOAS INTEGRANTES DA LISTAXE DE RESERVA

1. Logo de resolver as alegacións presentadas contra a proposta provisional de adxudicación, cada Comisión de Avaliación elevará proposta definitiva de adxudicación das axudas á Vicerreitoría de Política científica, Investigación e Transferencia, que á vista das ditas propostas, aprobará e publicará a resolución de cada modalidade, que incluírá a relación de persoas seleccionadas e a listaxe de reserva, de ser o caso.
2. A resolución publicarase no prazo máximo de tres meses desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas

interesadas para entenderen desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A resolución de selección publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña (https://sede.udc.gal/services/electronic_board), pola cal se entenderá notificada para todos os efectos ás persoas solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Vicerreitor de Política Científica Investigación e Transferencia da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación.

12. FORMALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS

1. Ás persoas seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos esixidos en cada modalidade e dos méritos alegados. Agás supostos debidamente motivados, a non presentación da referida documentación ou cando do seu exame se deduza que carecen dos requisitos necesarios, decaerá o seu dereito a recibir a axuda e a UDC procederá a concederlle a axuda á persoa proposta na seguinte posición.

2. A contratación do persoal seleccionado na modalidade Margarita Salas e María Zambrano non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade da Coruña.

3. A formalización das axudas levarase a cabo segundo o establecido a continuación para cada modalidade:

Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores

As persoas beneficiarias destas axudas subscribirán un contrato laboral a tempo completo coa Universidade da Coruña, baixo a modalidade de contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, ao amparo do artigo 22 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE nº 131, do 2/06/2011). Este contrato terá unha duración de tres anos con data de inicio

1/01/2022 e data de fin 31/12/2024 cos salarios recollidos no punto 3 das bases desta convocatoria.

Modalidade B) Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado

Para a formalización destas axudas, a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente da UDC concederalle ao profesorado seleccionado unha licenza sen soldo. Durante a estadía, o profesorado percibirá unha axuda equivalente as súas retribucións mensuais (salario base, complementos e trienios) como profesor/a titular de universidade, contratado/a doutor/a ou profesor/a axudante doutor, segundo corresponda, e un 20% desa cantidade en concepto de axuda por mobilidade, con cargo ás axudas reguladas nesta convocatoria.

A concesión da licenza eximirá a persoa solicitante das súas obrigas docentes durante o período de desfrute, para o que se habilitará a contratación dun/unha profesor/a substituto/a cando se produza unha situación de necesidade de cobertura do posto no departamento a que está vinculado/a.

A duración da estadía será dun ano, que se desenvolverá nun só período ininterrompido. As persoas beneficiarias poderán realizar a estadía durante o período que vai desde o 01/01/2022 ata o 31/12/2024.

Modalidade C: Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional

A formalización desta axuda realizarase coa sinatura dun contrato laboral a tempo completo entre as persoas seleccionadas e a Universidade da Coruña baixo a modalidade de persoal investigador distinguido, ao amparo do artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE nº 131, do 2/06/2011).

Este contrato terá unha duración de tres anos con data de inicio 1/01/2022 e data de fin 31/12/2024, co salario recollido no punto 3 das bases desta convocatoria. No caso de imposibilidade de se incorporar na data de inicio por causas diferentes ás

reflectidas nos artigos 13 e 14, a persoa beneficiaria da axuda poderá formular unha solicitude de incorporación posterior ante a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. De ser atendida esta favorablemente, a data de inicio do contrato será o 1/07/2022 e a data de fin o 30/06/2024.

13. INTERRUPCIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DA AXUDA POR SITUACIÓNS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS DE INCAPACIDADE TEMPORAL, RISCO NO EMBARAZO, MATERNIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO, RISCO DURANTE A LACTACIÓN OU PATERNIDADE

A persoa interesada poderalle solicitar á Universidade da Coruña unha interrupción do prazo na estadía, por situacións debidamente xustificadas de incapacidade temporal, risco no embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación ou paternidade, pero sempre que non supere a data de finalización do 31 de decembro de 2024.

14. ATRASO NA INCORPORACIÓN OU INTERRUPCIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DA AXUDA POLA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA

Se no momento de se incorporar ao centro receptor ou durante a vixencia da súa estadía houberse restricións á mobilidade, debidas a unha situación de emerxencia sanitaria provocada pola COVID, e tanto as autoridades españolas como as do país de destino non permitisen realizar o desprazamento, poderase solicitar unha modificación das datas, pero sempre que non se supere a data de finalización do 31 de decembro de 2024.

15. SEGUIMENTO DAS AXUDAS

Modalidade A: as persoas beneficiarias dunha axuda na modalidade Margarita Salas deberanlle remitir á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia un informe das actividades realizadas e dos resultados obtidos e do impacto obtido no progreso da súa carreira docente e investigadora ao finalizar a duración do seu contrato. A universidade ou centro de investigación de destino deberá acreditar documentalmente as datas da estancia e a memoria de actividades realizadas pola persoa beneficiaria.

Modalidade B: as persoas beneficiarias dunha axuda para a recualificación do sistema universitario español deberanlle remitir á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia unha memoria das actividades realizadas e dos resultados obtidos ao finalizar a súa estadía. A universidade ou centro de investigación de destino deberá acreditar documentalmente as datas da estancia e a memoria de actividades realizadas pola persoa beneficiaria.

Modalidade C: as persoas beneficiarias dunha axuda na modalidade María Zambrano deberanlle remitir á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia unha memoria con indicación das actividades realizadas e do impacto obtido na recualificación do equipo de acollida, ao finalizar a duración do seu contrato.

16. INCOMPATIBILIDADES

A formalización dos contratos aos que se refire esta convocatoria será incompatible con outras axudas financiadas con fondos públicos ou privados de finalidade análoga, así como con soldos ou salarios de similar natureza e, con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial, sempre que a actividade desenvolvida lle poida afectar ao cumprimento do obxecto da axuda ou á súa finalidade investigadora ou que se produza no mesmo horario.

Para tales efectos, as persoas contratadas ao abeiro desta convocatoria deberán comunicar á Universidade da Coruña a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

17. DIFUSIÓN

A publicación da convocatoria realizarase no Taboleiro Electrónico da Universidade da Coruña ([https://sede.udc.gal/services/electronic board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)), única publicación válida para os efectos dos prazos nela establecidos, así como na páxina web do Ministerio de Universidades.

18. CONVOCATORIA COMPLEMENTARIA

No prazo máximo de dezaoto meses desde a publicación da resolución definitiva de concesión, a Universidade da Coruña poderá aprobar e publicar unha convocatoria complementaria cos fondos resultantes de renuncias ou vacantes por non aceptación de axudas.

19. RÉXIME XURÍDICO COMPLEMENTARIO

Para o non previsto nestas bases estarase ao que dispón o Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español e pola Orde UNI/551/2021, do 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español.

20. RECURSOS

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1988, do 13 de xullo. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

O Reitor, PD. O Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia,
Salvador Naya Fernández

ANEXO I. IMPORTE DOS GASTOS DE TRASLADO

Os importes que percibirán as persoas seleccionadas en cada modalidade serán os que se recollen a continuación, dos que se detraerá, de ser o caso, o importe do seguro contratado recollido no apartado 3 desta convocatoria.

Modalidades A e B:

- Se o destino da estadía está en España, Portugal ou Andorra (zona 1), percibirase a cantidade de 1000 € en concepto de gastos de traslado.
- Se o destino da estadía está en Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América, agás EUA e Canadá (zona 2), percibirase a cantidade de 2500 € en concepto de gastos de traslado.
- Se o destino da estadía está nos EUA, Canadá, Asia ou Oceanía (zona 3), percibirase a cantidade de 3500 € en concepto de gastos de traslado.

Modalidade C:

- Se a persoa beneficiaria ten o seu centro de orixe en España, Portugal ou Andorra (zona 1), percibirá a cantidade de 1000 € en concepto de gastos de traslado.
- Se a persoa beneficiaria ten o seu centro de orixe en Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América, agás Estados Unidos de América e Canadá (zona 2), percibirá a cantidade de 2500 € en concepto de gastos de traslado.
- Se a persoa beneficiaria ten o seu centro de orixe nos Estados Unidos de América, Canadá, Asia ou Oceanía (zona 3), percibirá a cantidade de 3500 € en concepto de gastos de traslado.

ANEXO II. FORMULARIOS DE SOLICITUDE
CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL PARA 2021-2023
Solicitud Modalidade A: Axudas Margarita Salas

Datos da persoa solicitante		
Nome		
Apelidos		
DNI		
Data de nacemento		
DD/MM/AAAA		
Nacionalidade		
Enderezo completo		
Teléfono		
Correo electrónico		
Data do título de doutor/a		
DD/MM/AAAA		
Universidade de obtención do título de doutor/a		
Datos da estada solicitada		
Centro receptor		
Grupo receptor		
Universidade pública española último ano axuda		
Reserva de persoas con discapacidade (riscar)	SI	NON

Porcentaxe de discapacidade:	%
-------------------------------------	----------

Documentación complementaria	
Copia do título de doutor/a (para aqueles obtidos fóra da UDC)	
Currículo da persoa solicitante	
Memoria xustificativa do impacto desta estadía no progreso da carreira docente e investigadora da persoa candidata	
Documento de aceptación da estadía asinada polo/a representante legal ou figura equivalente	
Historial científico-técnico do grupo receptor	

	O/a solicitante declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e que os méritos e datos alegados son certos e posúe os documentos orixinais que o acreditan.
--	---

Cidade	Data
	DD/MM/AAAA

Data e Sinatura

Memoria xustificativa do impacto desta estadía no progreso da carreira docente e investigadora da persoa candidata	
Documento de aceptación da estadía asinada polo/a representante legal ou figura equivalente con atribucións na área directiva de recursos humanos e do/a coordinador/a do grupo de investigación do centro receptor	
Historial científico-técnico do grupo receptor	

O/a solicitante declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e que os méritos e datos alegados son certos e posúe os documentos orixinais que o acreditan.

Cidade	Data
	DD/MM/AAAA

Data e sinatura |

.....

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL PARA 2021-2023

Solicitude Modalidade C: Axudas María Zambrano

Datos da persoa solicitante	Datos de la persona solicitante	
Nome		
Apelidos		
DNI		
Enderezo actual		
Teléfono		
Correo electrónico		
Universidade de obtención do doutorado		
Centro estranxeiro de actividade actual		
Grupo receptor		
Reserva de persoas con discapacidade (riscar)	SI	NON
Porcentaxe de discapacidade:	%	

Documentación complementaria	
Copia do título de doutor/a	
Currículo da persoa solicitante	
Memoria onde se xustifique a adecuación da persoa candidata ás necesidades de investigación e transferencia do coñecemento do grupo receptor e impacto esperado.	

Documento de aceptación da estadía polo grupo de investigación e polo departamento receptor da Universidade da Coruña.	
Documento acreditativo da traxectoria posdoutoral mediante os períodos de vinculación a outros organismos ou institucións.	
Documento que acredite que a persoa candidata está a desenvolver, no momento de formular a solicitude, proxectos de investigación e/ou docencia en universidades ou centros situados fóra de España.	
Certificado do seu centro de orixe en que se indique a súa vinculación laboral actual nunha universidade ou centro de investigación estranxeiro.	
Documento acreditativo da residencia	

O/a solicitante declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e que os méritos e datos alegados son certos e posúe os documentos orixinais que o acreditan.

Cidade	Data
	DD/MM/AAAA

Data e sinatura